



Abraham Pérez: "Fixen unha novela xeracional sobre a crise económica e a literaturización da vida"

Con *O paso en falso* Abraham Pérez entra na narrativa tras varios libros de poesía e ensaio

A novela aborda a descuberta do mundo e da realidade dun rapaz universitario

A próxima parada de presentación da novela será o 1 de febreiro na librería Pedreira de Santiago

G24.gal 28/01/2024

<https://www.g24.gal/-/abraham-perez->

Dicía Joyce no *Ulises*: "Aprende a vivir, vai por aí a coñecer mundo". Unha frase que recolle, e que ten moito que ver, coa primeira novela do ata de agora poeta Abraham Pérez. O retrato dunha xeración de mozos e mozas nos últimos anos universitarios, da vida social e amorosa, da formación, da saída a un mundo laboral cativo. O abismo entre os sonhos e as realidades poden ser algúns dos temas que Abraham Pérez aborda na novela *O paso en falso*, que publica a editorial Galaxia.